

Unidade 7 - Proba

Cualificación

Nome e apelidos

Data

1. Completa as oracións coas palabras do recadro. (1 punto)

caixa negra

cabina

pista de aterraxe



Na _____ do avión é onde están os pilotos.

Houbo un accidente e rexistrouse a _____ para obter información.

O avión tivo que aterraxar noutro sitio, pois a _____ estaba en obras.

2. Volve escribir as oracións cambiando o termo coloquial por un formal. (2 puntos)

Hoxe temos que **chapar** moito para aprobar o exame.

Saudoume e pareceume un **tío** simpático.

Ten que levar o bote de **mexo**, para que lle fagan unha análise.

Non te **piques** tanto, Antón, que che digo as cousas de broma!



3. Completa as seguintes oracións coas palabras correctas. (1 punto)

fora/fóra

mais/máis

Ti es _____ nova ca min, verdade?

Pon no cartel que os cans non poden pasar, deben agardar _____.

Alexandre dixo que _____ el o gañador, pero non era certo.

Eu quería continuar o camiño, _____ el estaba demasiado canso.

Unidade 7 - Proba

Nome e apelidos

Data

4. Subliña os grupos nominais das seguintes oracións. (2 puntos)

As vosas mochilas están moi novas.

Amalia e mais o seu irmán van de vacacións a Asturias.

Foron no mesmo autobús eles e nós.

Os cans e os gatos son animais domésticos.

5. Marca con X as oracións que empregan o recurso da metonimia. (2 puntos)

Na sala principal do museo que visitamos hai un espectacular Dalí.

Marie Curie foi una científica pioneira na súa época.

Non bebas toda a auga, que podemos ter sede máis tarde.

Tiñan tanta sede que beberon a garrafa de auga.

6. Pensa nun tema que che interese e redacta un texto argumentativo sobre el. (2 puntos)


